**Dirección da xornada:**

*Marisa Peña Cebreiro*.
Secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais.

*Susana Soneira Lema.*
Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

**Número de prazas:**

Prazas limitadas ata completar o aforo.

**Persoas destinatarias:**

- Organizacións empresariais e sindicais.
- Graduados/as Sociais.
- Avogados/as.
- Profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas nesta.

**Inscricións:**

As inscricións, que serán gratuitas, tramitaranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, do 22 de maio ao 8 de xuño de 2017, nos seguintes lugares:

Consello Galego de Relacións Laborais.

Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

**Diploma:**

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada.

**XORNADAS 2017**

**O SISTEMA RETRIBUTIVO NO SÉCULO XXI**

## Información e inscricións:

Consello Galego de Relacións Laborais
Rúa Algalia de Abaixo, 24
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 957 489
Fax 981 541 610
e-mail:
maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal

Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense
Rúa Monforte, 12 baixo
15007 A Coruña
Tfno. 981 151 876
Fax 981 234 404
e-mail: colegio@graduadossociales.org

# XORNADAS 2017



# O SISTEMA RETRIBUTIVO NO SÉCULO XXI

A Coruña
9 de xuño

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

# O SISTEMA RETRIBUTIVO NO SÉCULO XXI

**Organiza**:

Consello Galego de Relacións Laborais

Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

**Data**: 9 de xuño de 2017.

**Lugar**: Hotel Attica21. Rúa Enrique Mariñas, 34. 15009 A Coruña

## Venres, 9 de xuño de 2017

**9.15** Entrega da documentación

**9.30** Inauguración.

**9.45 Mesa redonda: "O salario nas cooperativas de traballo asociado"**.

*Dna. Susana Soneira Lema*

*Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense*

*D. Javier Fernández Travieso*

Inspector de Traballo e de Seguridade Social da Coruña

**10.30** Coloquio.

**10.45 Mesa redonda: "A función do salario no século XXI".**

Representantes do SN de CCOO de Galicia, CIG, UGT-Galicia e CEG

**11.45** Coloquio.

**12.00** Pausa.

**12.30 Conferencia: "A negociación salarial en tempos da post-crise"**.

*D. Adrián Todolí Signes*

Profesor axudante doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. *Universidad de las Islas Baleares*

**13.15** Coloquio.

**13.30** Clausura.

## RESUMO DA XORNADA

Os datos macroeconómicos mostran que a saída da crise é unha realidade en España. Non obstante, a recuperación non está a ser igual para todos, posto que os datos evidencian que a recuperación non está a chegar igual aos salarios e ao capital.

Existe un debate, tan antiguo como difícil de solucionar, sobre o que se sería mellor: vincular os salarios á inflación para que ninguén perda poder adquisitivo ou vinculalos á produtividade de cada traballador ou traballadora. Ambas opcións teñen problemas que non contan cunha sinxela resposta. Qué debe facer unha empresa? Ligar os salarios dos seus traballadores e traballadoras ao IPC ou á produtividade? Cal é a función do salario no século XXI?

Por outra banda, debatirase tamén sobre as fórmulas de traballo alternativas que se potenciaron durante a crise económica, como as cooperativas de traballo asociado e analizarase o salario neste sistema, xa sexa como socio ou socia da cooperativa ou como traballador ou traballadora asalariada.

Este é o obxectivo da xornada organizada polo Consello Galego de Relacións Laborais e o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense: Tratar de dar resposta a unha inquedanza que se amosa con intensidade crecente neste 2017. Profesionais especialistas na materia e representantes das organizacións sindicais e empresarial máis representativas de Galicia tratarán de responder a estas e outras cuestións.

Correspóndelle ao Consello Galego de Relacións Laborais, de acordo coa súa normativa reguladora, a función de promover e fomentar o debate social en cuestións de actualidade. Por iso a organización desta xornada, que é froito dunha feliz e continuada colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.